

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "A RESTAURACIÓN GALEGA SEN GLUTE", NO ANO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio do seu nomeamento, o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Gloria Bernárdez Beltrán con DNI 76727214L, presidenta da Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA), nomeada na asemblea extraordinaria celebrada o 5 de marzo de 2022, que actúa en nome e representación da asociación con NIF G15675960 inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 1998/1000069-1 (SC), en virtude do disposto no artigo 12 dos seus estatutos,

Ambas as dúas partes, no nome e representación na que concorren, recoñécense con capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio ,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) é unha entidade de natureza asociativa de carácter privado sen ánimo de lucro, creada en 1998 inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 69/98. Así mesmo está recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude nas áreas de actuación de comunidade, familia, infancia e menores co número E1903. Ten como obxectivo fundamental axudar ás persoas afectadas pola enfermidade celíaca e dermatite herpetiforme. Agrupa, con carácter voluntario, a persoas celíacas, aos pais ou titores de nenos e nenas celíacos/as e a todas aquelas persoas enfermas cuxo tratamento esixa manter unha dieta sen glute, a fin de tratar as solucións máis idóneas aos problemas de tipo social, psicolóxico e técnico que poden presentarse como consecuencia da súa condición. Así mesmo, a Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) pertence á Federación de Asociacións de celíacos de España que ten por obxecto xuntar o esforzo e coordinar o traballo realizado polas asociacións e



federacións de persoas celíacas para mellorar a calidade de vida das persoas que forman este colectivo e conseguir a súa integración social.

QUINTO. A Enfermidade Celiaca é unha enfermidade multisistémica con base autoimune provocada polo glute e prolaminas relacionadas, en individuos xeneticamente susceptibles. A prevalencia estimada nos europeos e os seus descendentes é do 1%, sendo máis frecuente nas mulleres cunha proporción 2:1. O glute é unha proteína que se atopa na semente de moitos cereais como son o trigo, cebada, centeo, triticale, espelta, algunhas variedades de avea, así como os seus híbridos e derivados.

En particular, a Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) está a desenvolver un programa denominado “*A restauración galega sen glute*” que ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida do colectivo de persoas coa enfermidade de celiaquía e pon o foco en eliminar os obstáculos cos que se atopan no desenvolvemento da súa vida fóra da casa. O fin último do programa é o de por a disposición das persoas celíacas unha listaxe de establecementos nos que poder consumir os seus produtos con seguridade, elaborados por profesionais formados na materia.

Para estes efectos, a Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) asinou un convenio de colaboración cun grande número de establecementos do sector HORECA (hoteis, restaurantes e cafeterías), para o desenvolvemento pola entidade de determinadas actividades de formación, asesoramento na materia, e seguimento de cambios para a adaptación destes á normativa de aplicación na materia co fin de garantir o benestar das familias con glute que acuden aos establecementos de restauración.

Tras catro anos de execución deste programa de restauración, o número de locais adheridos a esta iniciativa non deixou de medrar. O obxectivo é formar 50 establecementos novos.

A Consellería de Política Social e Xuventude fomentará e apoiará o programa da entidade, co obxecto de garantir o benestar das familias con especial atención aos nenos, nenas e adolescentes afectados, que inclúe a realización de actuacións encamiñadas á formación en materia de celiaquía a desenvolver pola Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) en 200 locais sitos na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo un referente para a mellora na calidade de vida deste colectivo en Galicia.



SEXTO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral competente en materia de familia, está interesada en apoiar esta actuación mediante a concesión directa dunha subvención a través da sinatura dun convenio de colaboración.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros e en especial, aos nenos, nenas e adolescentes, obriga que se pretende satisfacer neste caso, mediante a colaboración da Consellería de Política Social e Xuventude cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación en materia de celiacuía.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión da subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo en Galicia.

Para a concesión da subvención directa cúmprense os seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento a través da concesión directa dunha subvención pola Consellería de Política Social e Xuventude do programa "A restauración galega sen glute", da Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA), que inclúe a realización de actuacións encamiñadas á formación en materia de celiacuía a desenvolver pola entidade en 200 locais sitios na Comunidade Autónoma de Galicia, co



obxecto de mellorar a calidade de vida das familias con membros con enfermidade celíaca fóra do seu entorno doméstico a través da capacitación de establecementos hostaleiros en materia de celiarquía.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES DO PROGRAMA

As actuacións do programa a desenvolver pola Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) dirixidas ás familias con membros con enfermidade celíaca que acuden a establecementos de restauración, serán as seguintes:

- a) A formación a establecementos hostaleiros sitos na Comunidade Autónoma de Galicia acerca de como elaborar un correcto menú sen glute, así como a difusión da normativa actual en materia de alérxenos. Tras a formación, entregarase un certificado de formación a cada persoa traballadora que asista aos cursos. Prevese que 1.500 profesionais de hostalería recibirán a dita formación.
- b) A realización de actividades de asesoramento técnico así como de información de provedores e asistencia nas tarefas de cambio de carta-menú sen glute.
- c) Visita anual aos establecementos colaboradores co obxecto de coñecer as necesidades do hostaleiro e recadar suxestións das familias ao establecemento, co fin de valorar a necesidade de renovación de formación e de avaliar o impacto do desenvolvemento do programa no local e nas familias que acuden aos establecementos de restauración.-De ser o caso, entregarase o distintivo indicador de que o local se atopa asesorado pola Asociación de Celíacos de Galicia.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2023.

Aplicación orzamentaria	Ano 2023
13.02.312B.481.0	53.827, 46€



A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso poderá supor beneficio económico para a entidade conveniente.

CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir relaciónanse:

- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que fora declarados culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores da mesma ou aqueles que ostenten a representación legal desta nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.



- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente determínense.
 - f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
 - h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
2. Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA) debe cumprir ademáis coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que son entre outras, as seguintes:
- a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
 - b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.



O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da consellería concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES E XUSTIFICACIÓN

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa desagregación que figura no cadro de abaixo, e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano 2023 ata a data límite de xustificación.

Persoal	34.604, 46€
Gastos de desprazamento e dietas (a incluir na nómina)	3.648,00 €
Material formación	2.000,00€
Accións divulgativas (redes sociais e feiras, vídeos promocionais , II xornada de resaturación en	13.575,00€



Galicia sen glute e II Feira Gastronómica Galicia sen Glute)	
TOTAL	53.827,46 €
<i>P Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.</i>	

2. O prazo de realización das actuacións cuxos gastos serán subvencionables será o establecido entre o 1 de xaneiro do ano 2023 e o 15 de decembro do ano 2023.

3. A data límite de xustificación será o 15 de decembro do ano 2023. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Axuda da Consellería de Política Social e Xuventude	53.827,46 €
Período de realización de gastos e pagos	1 de xaneiro ao 15 de decembro de 2023
Data límite da presentación da documentación xustificativa	15 de decembro de 2023

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

5. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.



SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

1. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Ata o 80% do total da subvención concedida poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez rematada e xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados á realización das actividades do programa a subvencionar, na que conste:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores, RNT e o seu pagamento: xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social, RLC.

2º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade provedora, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.



b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 2, unha memoria das actuacións obxecto do programa, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con indicación dos establecementos hostaleiros nos que se realizaron as actividades obxecto deste.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Xuventude poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.



c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. OBRIGAS DE PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.

2. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA),



designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

3. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de familia.

4. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de familia, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

5. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

Para levar a cabo os obxectivos e fins do programa a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido programa de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de



estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo



se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datospersoais>.

DÉCIMO SEGUNDA. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumplimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumplimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumplimento superara o 65% da actividade obxecto de subvención entenderase que este incumplimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.



Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Se o acto fose expreso, poderá formular un recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se



contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023.

Non obstante os gastos das actuacións subvencionables a través deste convenio que realizase a Asociación de Celíacos de Galicia ACEGA dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da consellería de Política Social e Xuventude

E, en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, ambas as partes o asinan no lugar e na data da súa sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e Xuventude

A Presidenta da Asociación de Celíacos
de Galicia (ACEGA)

Fabiola García Martínez

Gloria Bernardez Beltrán

